USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

# nEDIUS

Sumario | nº5 — Marzo 2021

## Premio Extraordinario a 32 teses de doutoramento

OPINIÓN

## Concienciar e poñer en valor

NOVAS

## A Edius promove *Son doutor/a... e agora que?* un ciclo de charlas sobre as saídas profesionais



## COnVIDa20

A pegada da pandemia no estudantado

DIVULGACIÓN

## ‘Teseo’ e ‘Minerva’

+ recursos para facer a tese

catro cousas

## Como xestionas o teu tempo da tese?

CONFERENCIA

## Animación de máquinas moleculares

CURSO: INFOGRAFÍAS E PÓSTER DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA - 18 DE MARZO

## AS CAPDs deberán renovarse

# Premio Extraordinario a 32 teses de doutoramento




32 investigadoras/es da USC acadaron o Premio Extraordinario de Doutoramento do **curso académico 2018-2019**. As teses premiadas están agrupadas en cinco áreas de coñecemento: **Artes e Humanidades; Ciencias; Ciencias da Saúde; Ciencias Sociais e Xurídicas; e Enxeñaría e Arquitectura.**

Ir ao sumario

# Artes e Humanidades

## Doutores/as e teses con premios extraordinario de doutoramento na área de Artes e Hunidades

PITA GALÁN, PAULA

*Los frailes arquitectos del siglo XVIII en Galicia: Trayectoria artística de los maestros regulares de las órdenes de San Benito, San Francisco y Santo Domingo*

**Director/es:** Miguel Taín Guzmán

**PD:** Historia, Xeografía e Historia da Arte

Consulta aquí

TAMAREDO MEIRA, IVÁN

*Processing Grammatical Structures: Morphosintactic complexity and efficiency in varieties of english around the world with special reference to pronoun omission*

**Director/es:** María Teresa Fanego Lema, Juan Carlos Acuña Fariña

**PD:** Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura

Consulta aquí

CORRAL PÉREZ, ISABEL

*Diversidad lingüística indígena en Hispanoamérica. Una visión interdisciplinar centrada en el caso mexicano*

**Director/es:** M Carme Silva Domínguez, María Sol López Martínez

**PD:** Lingüística

Consulta aquí

GONZÁLEZ LÓPEZ, TAMARA

*Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX*

**Director/es:** Camilo Jesús Fernández Cortizo, Ofelia Rey Castelao, Pegerto Saavedra Fernández

**PD:** Historia, Xeografía e Historia da Arte

Consulta aquí

BASANTA LLANES, NOEMÍ

*"As formas cambiaron porque o mundo cambiou": construción discursiva e interseccional de identidades de xénero e sexualidade en conversas sobre ligar*

**Director/es:** Xosé Luis Regueira Fernández

**PD:** Lingüística

Consulta aquí

Ir ao sumario

## Ciencias

**Doutores/as e teses con premios extraordinario de doutoramento na área de Ciencias**

Ir ao sumario

**DOCAMPO ÁLVAREZ, BORJA**

*Theoretical and computational study of the structure and dynamics of ionic liquid mixtures: Thermodynamical and interfacial properties*

**Director/es:** Luis Javier Gallego del Hoyo, Luis Miguel Varela Cabo

**PD:** Ciencia de Materiais

Consulta aquí

**FARIÑA BIASI, ANXO**

*Long Time Dynamics of Resonant Systems*

**Director/es:** Javier Mas Sole

**PD:** Física Nuclear e de Partículas

Consulta aquí

**GARCÍA GUIMAREY, MARÍA JESÚS**

*Thermophysical characterization of lubricants additivated with nanoparticles for their application in renewable energies*

**Director/es:** Alfredo José Amigo Pombo, María José Pérez Comuñas

**PD:** Ciencia de Materiais

Consulta aquí

**VILA GONZÁLEZ, MARLENE**

*Study of UV filters in cosmetic products and environmental samples*

**Director/es:** Carmen María García Jares, María Pilar Llompart Vizoso

**PD:** Ciencia e Tecnoloxía Química

Consulta aquí

**BOILLOS BETETE, JUAN MANUEL**

*Quasi-Free Scattering of Light Neutron-Deficient Nuclei*

**Director/es:** Maria Dolores Cortina Gil

**PD:** Física Nuclear e de Partículas

Consulta aquí

**GÓMEZ GONZÁLEZ, VÍCTOR**

*Theoretical and computational study of mixtures of ionic liquids with additives of technological interest in the presence of interfaces*

**Director/es:** Luis Javier Gallego del Hoyo, Luis Miguel Varela Cabo

**PD:** Ciencia de Materiais

Consulta aquí

**LÓPEZ SOMOZA, LUCÍA**

*Nonlinear differential equations on bounded and unbounded domains*

**Director/es:** Alberto Cabada Fernández

**PD:** Matemáticas

Consulta aquí

# Ciencias da Saúde

## Doutores/as e teses con premios extraordinario de doutoramento na área de Ciencias da Saúde

Ir ao sumario

**GONZÁLEZ SALVADO, VIOLETA**

*Integration of basic life support training into exercise-based cardiac rehabilitation programs*

**Director/es:** Aantonio Rodríguez Núñez, Carlos Peña Gil

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

Consulta aquí

**LAMAS FREIRE, ALEXANDRE**

*Prevalence and characterization of salmonella strains of the poultry industry: determining factors in its survival and biofilm formation*

**Director/es:** Carlos Manuel Franco Abuin

**PD:** Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias

Consulta aquí

**SÁNCHEZ REBORDELO, MARÍA ESTRELLA**

*The role of KLF4 and pregnancy under HFD on energy homeostasis*

**Director/es:** Carlos Diéguez González, Rubén Nogueiras Pozo

**PD:** Endocrinoloxía

Consulta aquí

**RODRÍGUEZ BERMÚDEZ, RUTH**

*Breed assessment and authentication of organic dairy production system in the North of Spain*

**Director/es:** María Marta López Alonso, Marta Inés Miranda Castañón

**PD:** Medicina e Sanidade Veterinaria

Consulta aquí

**REMESAR ALONSO, SUSANA**

*Dinámica poblacional de las garrapatas exófilas en el noroeste de España y su papel como vectores de agentes infecto-parasitarios de importancia veterinaria y médica*

**Director/es:** María Patrocinio Morrondo Pelayo, Gonzalo Fernández Rodriguez, Pablo Díaz Fernández

**PD:** Medicina e Sanidade Veterinaria

Consulta aquí

**NIETO FONTARIGO, JUAN JOSÉ**

*Search for biomarkers related to rhinitis and different asthma phenotypes by serum proteomics and immunoassays*

**Director/es:** Francisco Javier Salgado Castro, Montserrat Nogueira Álvarez

**PD:** Medicina Molecular

Consulta aquí

# Ciencias da Saúde

## Doutores/as e teses con premios extraordinario de doutoramento na área de Ciencias da Saúde

**GONZÁLEZ SÁNCHEZ, JESSICA**

*O Sistema Obestatina/Gpr39: Da Regulación Da Célula Satélite Á Súa Aplicabilidade Na Distrofia Muscular De Duchenne*

**Director/es:** Felipe Casanueva Freijo, Jesús Pérez Camiña, José Luis Relova Quinteiro

**PD:** Endocrinoloxía

Consulta aquí

**CRECENTE CAMPO, JOSÉ**

*Technological and biological aspects of polymeric nanocapsules for the design of new nanovaccines*

**Director/es:** María Josefa Alonso Fernández

**PD:** Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

Consulta aquí

**BUJÁN GÓMEZ, NOEMI**

*Controversias taxonómicas del género Edwardsiella: E. tarda vs E. piscicida*

**Director/es:** Beatriz Magariños Ferro, María Alicia Carolina Estévez Toranzo

**PD:** Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria

Consulta aquí

**GOIMIL GARCÍA, LETICIA**

*Supercritical technology applied to development of drug delivery systems for bone regeneration*

**Director/es:** Carlos Alberto García González, Carmen Isabel Álvarez Lorenzo

**PD:** Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

Consulta aquí

**FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, CLARA**

*Molecular diagnostic and biological methods: An alternative in the prevention and control of bacterial fish diseases*

**Director/es:** María Isabel Santos Rodríguez

**PD:** Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria

Consulta aquí

Ir ao sumario

# Ciencias Sociais e Xurídicas

## Doutores/as e teses con premios extraordinario de doutoramento na área de Ciencias Sociais e Xurídicas

**REY ARAUJO, PEDRO MARÍA**

*A Political Economy Analysis of Spain's "Mediterranean Neoliberalism", 1995-2016*

**Director/es:** Alberto Meijide Vecino, Melchor Fernández Fernández

**PD:** Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

Consulta aquí

**GARCÍA GOLDAR, MÓNICA**

*La liquidación de la sucesión ante la situación de crisis económica*

**Director/es:** María Paz García Rubio

**PD:** Dereito

Consulta aquí

**RODRÍGUEZ GROBA, ANA**

*Enseñanza con redes sociales y aprendizaje autorregulado. Un estudio de caso en la Universidad*

**Director/es:** Adriana Gewerc Barujel, María Esther Martínez Piñeiro

**PD:** Educación

Consulta aquí

**TOMÉ LOURIDO, DAVID**

*Evaluación de habilidades psicológicas en deportistas, y su relación con la ansiedad y el procesamiento atencional*

**Director/es:** Constantino Arce Fernández, Dolores Ponte Fernández

**PD:** Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Consulta aquí

**LUGILDE SÁNCHEZ, ALBA**

*The uncertainty effect on saving decisions. An empirical analysis for the spanish economy*

**Director/es:** Dolores Riveiro García, Roberto Bande Ramudo

**PD:** Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

Consulta aquí

**RODÉS PARAGARINO, VIRGINIA**

*Una teoría fundamentada sobre la adopción de repositorios y recursos educativos abiertos en universidades latinoamericanas*

**Director/es:** Adriana Gewerc Barujel, Martín Llamas Nistal

**PD:** Equidade e Innovación en Educación

Consulta aquí

Ir ao sumario

# Enxeñaría e Arquitectura

## Doutores/as e teses con premios extraordinario de doutoramento na área de Enxeñaría e Arquitectura

**GUADA PRADA, GUILLERMO**

*Spatio - temporal study of wood formation of Quercus robur L. and Q. pyrenaica Willd. in the Northwest of the Iberian Peninsula*

**Director/es:** Ignacio García Gonzalez

**PD:** Investigación Agraria e Forestal

Consulta aquí

**CASTRO VALIÑA, MARÍA DEL CARMEN**

*Fluid systems based on ionic liquids for the pretreatment of lignocellulosic biomass*

**Director/es:** Ana María Soto Campos, Héctor Rodríguez Martínez

**PD:** Enxeñaría Química e Ambiental

Consulta aquí

**CASTIÑEIRA VEIGA, GONZALO**

*Modelización del flujo de un fluido viscoso en un tubo curvilíneo con paredes viscoelásticas*

**Director/es:** José Manuel Rodríguez Seijo, Angel Daniel Rodriguez Arós

**PD:** Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

Consulta aquí

Ir ao sumario



OPINIÓN

# Concienciar e poñer en valor

Unha grande parte da sociedade enlaza o termo *doutor* ou *doutora* con alguén que exerce a medicina en calquera dos seus campos, pois son poucos os que o relacionan co seu verdadeiro significado. A palabra doutor provén do latín medieval doctor que, asimesmo, deriva do verbo *docere* (*ensinar*), feito polo que a palabra doutor significa *mestre* ou *aquela persona que sabe*. Este foi empregado por primeira vez como *dotor* e con este significado no *Libro de Alexandre*, unha obra anónima sobre Alexandro Magno escrita en verso a mediados do século XII (Ricardo Soca, *La fascinante historia de las palabras*). Non foi até finais do século XVII cando a voz doutor/a comezou a ser empregada para referirse a alqguén que é especialista en medicina.

En territorios da nosa contorna como Alemaña e toda Centroeuropa o título de doutor/a é comprendido e moi valorado socialmente. Lamentablemente, na nosa sociedade carece dese recoñecemento e soamente é apreciado no ámbito académico. Convén lembrar, polo tanto, que o que se entende por *doutoramento* é o denominado terceiro ciclo de estudos universitarios oficiais que conducen á adquisición das competencias e habilidades relacionadas coa investigación científica de calidade en calquera dos ámbitos académicos. Neste sentido, trátase duns estudos superiores que conducen á obtención do título de doutor/a, a titulación académica máis alta que se pode chegar a obter.

Tal e como se expresa no Real Decreto 99/2011 do 28 de xaneiro polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento: “O proceso de cambio de modelo produtivo de cara a unha economía sustentable precisa dos doutores como actores principais da sociedade na xeración, transferencia e adecuación da I+D+I. Os doutores deberán xogar un papel esencial en todas as institucións implicadas na innovación e na investigación, de maneira que lideren o trasvase desde o coñecemento até o benestar da sociedade”.

En definitiva, sería preciso concienciar á sociedade e poñer en valor os estudos de doutoramento fora do ámbito universitario.

**Manuel Cifuentes**
Executiva EDIUS. Profesorado de Ciencias da Saúde
m.cifuentes@usc.es

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# COnVIDa20

## A pegada da pandemia no estudantado

O impacto psicolóxico pola COVID-19 foi menor entre os/as doutorandos/as que entre outros estudantes universitarios. Algúns efectos foron un incremento dos hábitos e estilos de vida menos saudables, menos exercicio físico, alteración das rutinas do sono ou menos comunicación coas amizades.

A COVID-19 está a deixar importantes secuelas na saúde mental dos universitarios. Durante os días máis duros do confinamento e as semanas posteriores, un equipo de investigadores da USC puxo en marcha COnVIDa20, un proxecto para coñecer o impacto das medidas de illamento e distanciamento social entre os estudantes. Dous de cada tres casos recoñeceron un claro empobrecemento do seu benestar e saúde mental. Entre os estudantes de doutoramento o impacto foi menor.

O proxecto ***COnVIDa20*** comezou hai case un ano cun estudo en liña sobre os efectos psicolóxicos e sociais da COVID-19 en universitarios. Detrás da iniciativa, un equipo de investigadores da USC coordinado por Isabel Fraga, profesora do Departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía, e integrado por Carlos Montes, Isabel Padrón, Estrella Romero e Lucía Vieitez, dos grupos de investigación da USC en Procesos Cognitivos e Conduta.

Lucía Vieitez, quen compaxinou a investigación coa súa tese de doutoramento, lembra que "a preocupación sobre o benestar psicolóxico dos universitarios ía crecendo". Era



*Lucía Vieitez Portas, graduada en Psicoloxía pola USC. Tras finalizar os seus estudos de mestrado na Universitat de Barcelona, especializándose en investigación en Ciencia Cognitiva e Linguaxe, regresou á USC como estudante de doutoramento. Actualmente, como alumna do programa de doutoramento en Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social, está a desenvolver diferentes proxectos en relación á súa tese, que ten como eixo principal o procesamento de erros gramaticais en palabras emocionais.*

Ir ao sumario

unha inquietude compartida por varios colegas da Facultade de Psicoloxía e así agromou un proxecto pioneiro para coñecer de que xeito a pandemia estaba a deixar a súa pegada no estado anímico do estudantado.

***COnVIDa20*** estaba dirixido a estudantes universitarios, principalmente de Galicia, de todos os niveis e titulacións. A través de *WhatsApp*, redes sociais, correo electrónico, etc, o equipo foi enviando unha ligazón cun exhaustivo cuestionario para que os estudantes responderan. Estas preguntas estiveron dispoñibles entre o 27 de abril e o 27 de maio. De forma anónima, o cuestionario abordaba aspectos relacionados co benestar físico e psicolóxico, así como coas condicións de vida persoais e académicas durante o confinamento.

"Empregamos todos os medios posibles para chegar á maior cantidade de persoas e dispoñer dunha boa representación do alumnado", conta Lucía Vieitez. En total, foron preto de mil universitarios os que colaboraron co proxecto, respondendo pacientemente ás preguntas durante unha media de 20 minutos.

O resultado da investigación deuse a coñecer aos poucos. "Fomos publicando noticias na web sobre os datos que iamos extraendo para que a

## *Preto de mil universitarios colaboraron co proxecto*

xente os coñecese e compartise. Parecíanos que, pola relevancia dos resultados que iamos obtendo, non era convinte agardar a telos todos para facelo público", explica a investigadora. Os seus principais achados foron presentados en setembro do ano pasado no ciclo de videoconferencias sobre a COVID-19 promovido polo Campus da Cidadanía da USC, accesible nesta ligazón. Ademais, aparecen recollidos no artigo '*A Study on the Psychological Wound of COVID-19 in University Students*'.

A primeira conclusión do estudo foi clara e contundente: a saúde mental dos estudantes empeorou coa pandemia. "Había taxas bastante altas de ansiedade, depresión e irritabilidade. Máis dun 60% dos estudantes puntuaron por riba dos parámetros de alerta", aclara Lucía Vieitez. A raíz dos datos, semellaba que estes universitarios precisaban "buscar algún tipo de axuda" para levar mellor a situación tan excepcional que estaban a vivir. Como aclara esta investigadora, ao non dispoñer de datos previos ao estado de alarma, "non podemos avaliar en que medida empeorou a súa saúde mental" neste tempo, pero está claro que "o estado de benestar psicolóxico dos universitarios trala pandemia non é óptimo".

## A saúde mental é un tema de gran relevancia

***A investigadora resalta a importancia de facer fincapé no benestar mental dos universitarios, pois atópanse na idade de maior risco de desenvolver problemas a nivel psicolóxico. "Temos que poñer o acento en que a saúde mental é un tema de gran relevancia para toda a sociedade e non se debe deixar pasar", afirma. Lucía Vieitez explica que os problemas poden afectar a nivel individual, pero tamén colectivo. "Todos estamos sufrindo. Semella que a preocupación polo benestar físico é algo inherente ao ser humano, vén de fábrica, pero debemos darlle máis importancia a como estamos psicoloxicamente. Porque non é un problema individual, senón de todos. Que afecta a toda a sociedade".***

Ir ao sumario

**«O impacto, aínda que igualmente alto, foi menor que entre os estudantes de grao, xa que as preocupacións básicas non son compartidas»**

Outra das conclusións que se extraen da investigación é que aquelas persoas que se centraron nos demais, ben para pedir apoio ou ofrecer axuda, mostraron un nivel máis alto de ansiedade. A explicación, segundo Vieitez, é sinxela: "cando todos estamos a pasar por unha situación similar, pedir axuda non sempre significa recibila". "Coidar dos demais supón unha preocupación máis cando ti tampouco estás ben", engade. O feito de que as conversas non puideran ser cara a cara na maioría dos casos, senón a través de chamadas e vídeo chamadas tampouco axudou.

Outro dos efectos da COVID-19 foi un incremento dos hábitos e estilos de vida menos saudables, como o aumento da inxestión de alimentos, menos exercicio físico, alteración das rutinas do sono ou menos comunicación coas amizades. A enquisa ConVIDa20 revela que os estudantes que se sentían peor eran os que pasaban máis tempo nas redes sociais e durmían menos.

A incidencia do confinamento sobre os estudantes de doutoramento tivo certas peculiaridades. Lucía Vieitez afirma que, nestes casos, "depende moito máis da persoa e do tipo de doutoramento que estás a facer". En liñas xerais, "o impacto, aínda que igualmente alto, foi menor que entre os estudantes de grao, xa que as preocupacións básicas non son compartidas". Nos doutoramentos, ao igual que nos mestrados, o sistema de avaliación é completamente diferente "e a nivel académico non houbo unha preocupación tan grande". "Entre algúns doutorandos, por exemplo, adaptarse a un contexto de teletraballo non dista tanto do que se fai normalmente", engade. "Incluso había quen sentía alivio porque moitos proxectos tiveron que pararse e iso mitigou a carga de traballo".

Sen embargo, a situación cambiou coa segunda e terceira onda da pandemia. Aínda que estes datos non están recollidos no estudo, Lucía Vieitez, pola experiencia propia e a de varios compañeiros, asegura que estes últimos meses "están a ser máis duros". "Séguense aprazando cousas e moitos plans víndose abaixo", explica. A isto engádense preocupacións económicas asociadas, por exemplo, a contratos predoutorais ou a cumprir prazos establecidos.

Reverter esta situación non é doado e levará tempo. Polo que se desprende da investigación, mellorar ou frear o empeoramento da saúde mental e benestar psicolóxico dos universitarios debe pasar por aceptar a situación. "En palabras simples, non ser catastrofistas e aceptar a realidade como é. Asumir esta pequena derrota", resume Lucía Vieitez. "Temos que destinar os esforzos a aquelas cousas que si podemos cambiar", e puntualiza que sería favorable "buscarlle outra interpretación ás cousas. No canto de centrarnos no malo, buscar algo positivo".

O estudo ***COnVIDa20*** vai ter unha continuación. Aproveitando toda a información que xa se recompilou no cuestionario aos case mil alumnos, a segunda fase vai afondar nas diferenzas de xénero da experiencia durante o confinamento e como o apoio social puido amortecer os efectos sobre a saúde mental.

**«Incluso había quen sentía alivio porque moitos proxectos tiveron que pararse e iso mitigou a carga de traballo»**

Ir ao sumario

NOVAS

# A EDIUS promove *Son doutor/a... e agora que?* un ciclo de charlas online sobre as saídas profesionais para doutores/as

*A Escola de Doutoramento Internacional da USC (EDIUS) vén de poñer en marcha Son doutor/a... e agora que? un ciclo de charlas sobre as saídas profesionais co que pretende abrir novos horizontes profesionais ás persoas doutoras, acercando o mundo profesional á investigación como continuación das súas actividades unha vez que rematan a etapa de doutoramento e defenden a tese.*

*Son doutor/a... e agora que?* achegará ao alumnado de doutoramento as experiencias profesionais de expertos en diversos campos que compaxinan a investigación con actividades profesionais.

Segundo o director da EDIUS, Pablo Taboada, “esta iniciativa pretende dar a coñecer en primeira persoa a experiencia de profesionais destacados como forma de poñer en valor as diferentes posibilidades profesionais que se abren para as persoas cando rematan a súa investigación de doutoramento”. Estas actividades vanse desenvolver de maneira *online*, a través da plataforma Teams. Como ocorre con toda a oferta formativa da EDIUS, a participación será gratuíta.

O ciclo comezou o día 19 de febrero coa charla *Humanizando o dixital*, unha conversa con Patricia Rodilla e Luz Castro, dúas enxeñeiras informáticas e profesoras da Universidade da Coruña. “Ámbalas dúas son o exemplo práctico de que se poden mesturar, e con éxito, as humanidades e o mundo dixital”, segundo Isabel Neira, coordinadora das actividades formativas da EDIUS.



**A seguinte cita é o 9 de marzo ás 16 horas, con María José Martínez, Bioquímica. Estudou os mecanismos que as nosas células usan para reparar o seu ADN. É consultora de carreira para a Facultade de Química e Bioloxía Queen Mary University de Londres.**

Ir ao sumario

NOVAS

# O *VIII Encontro da Mocidade Investigadora* celebrará a súa oitava edición en maio

*A oitava edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI) xa botou a andar coa constitución do seu comité de organización. Aínda que en 2020 non puido celebrarse por mor da pandemia, este ano a idea é que se realice a finais do vindeiro mes de maio, sempre adaptándose ás posibles limitacións e condicionantes causados pola Covid-19.*

O *VIII Encontro da Mocidade Investigadora* (VIII EMI) desenvólvese desde o ano 2012 co propósito de favorecer as dinámicas de colaboración, debate e difusión do coñecemento xerado entre estudantes de doutoramento. O comité organizador mostrou a súa satisfacción polo interese espertado por este encontro a pesares da parálise que o mundo educativo e investigador está a sufrir pola pandemia. "É unha maneira moi boa de dar visibilidade á xente nova e animala a que se implique na investigación para mellorar o futuro da sociedade", comentan desde a organización. Engaden que este tipo de eventos son unha plataforma ideal para que o alumnado investigador teña a súa primeira experiencia expoñendo comunicacións en público.

Como xa se fixera en 2019, o encontro estará aberto non só ao persoal investigador procedente da USC, senón tamén aos seus análogos do resto das universidades galegas (Universidade da Coruña e Universidade de Vigo).

En resumo, calquera estudante de doutoramento dunha universidade do Sistema Universitario Galego (SUG) terá a oportunidade de participar nun único evento, que durante varios días ofrecerá sesións de relatorios, pósters e mesas redondas.

O obxectivo destas xornadas é dar a coñecer as principais temáticas de cada campo de investigación, o que, sen dúbida, constituirá unha experiencia enriquecedora para o alumnado de doutorado que se anime a participar. Así mesmo, o programa contempla a entrega de premios á mellor comunicación de cada área de investigación: Ciencias, Humanidades e Saúde.

O VIII EMI ofrecerá unha oportunidade única para mostrar e discutir as investigacións, potenciando así novas ideas e oportunidades. En definitiva, este encontro constitúe un marco incomparable para favorecer as relacións entre membros da comunidade universitaria, apostando pola colaboración inter e multidisciplinar entre áreas de coñecemento afíns.

Ir ao sumario

EDIUS NOVAS

# 200 bolsas de mestrado para universitarios galegos no estranxeiro

A Secretaría Xeral da Emigración vén de aprobar as bases reguladoras para a convocatoria de duascentas bolsas de excelencia para os universitarios galegos residentes no estranxeiro (BEME), co obxectivo de cursar estudos de mestrado que se inicien no curso 2021/22 nunha universidade galega. Estas preséntanse co fin de que amplíen a súa formación e adquiran competencias e habilidades que favorezan a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia con maiores garantías de éxito.

Os mestrados ofertados intégranse nas áreas de Arte e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura. Estas áreas foron seleccionadas en función das posibilidades dunha maior taxa de emprego e son de interese para o desenvolvemento do sector produtivo de Galicia.

Estas bolsas constitúen unha axuda económica para a realización destes estudos de mestrado en Galicia cunha duración dun curso académico (60-72 créditos ECTS) ou dun curso e medio (90 créditos ECTS). Os importes fixáronse en función dos gastos que deberán afrontar as persoas bolseiras para poder acadar os obxectivos, tendo en conta os gastos de desprazamento desde o seu país de residencia, as taxas administrativas e académicas de matrícula, así como o custo do aloxamento e manutención. Este programa incrementa a convocatoria deste ano en 50 bolsas máis financiadas co Fondo COVID-19 e nas cales se dará prioridade ás persoas emigrantes nacidas en Galicia no baremo estipulado.

Ir ao sumario

# XIV Premios ‘Fronteiras do Coñecemento’ da Fundación BBVA

A Fundación BBVA convoca os Premios ‘onteiras do Coñecemento’, para potenciar a investigación e a creación cultural de excelencia en diversas áreas do coñecemento: Ciencias Básicas (Física, Química, Matemáticas); Bioloxía e Biomedicina; Tecnoloxías da Información e a Comunicación; Ecoloxía e Bioloxía da Conservación; Cambio climático; Economía, Finanzas e Xestión de Empresas; Humanidades e Ciencias Sociais; e Música e Ópera. A dotación destes premios é, en cada unha das súas categorías, de 400.000 euros, un diploma e un símbolo artístico.

As candidaturas e a súa documentación poderán ser presentadas até as 23 horas GMT do 30 de xuño, exclusivamente en lingua inglesa, a través do formulario dispoñible no sitio web dos Premios Fundación BBVA ‘Fronteiras do Coñecemento’ na seguinte dirección web, coas outras condicións e requisitos que se indican na páxina web.



NOVAS

# AS CAPDs deberán renovarse antes do 20 de abril

*O Comité de Dirección da EDIUS acordou establecer o 20 de abril como data límite para a renovación das Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento (CAPD). No caso de programas interuniversitarios nos que a USC é a Universidade coordinadora deberá promoverse a renovación completa da CAPD. Se a universidade coordinadora non é a USC, polo menos, deberá promoverse a renovación dos membros que sexan profesorado da USC.*

Ir ao sumario

Tanto nos progresa da USC coma nos interuniversitarios, a renovación pode ser total ou parcial. As CAPD que decidan manter a totalidade dos/as integrantes deberán proceder igualmente a comunicalo á EDIUS e ao SXOPRA para que se renoven os nomeamentos.

A composición das CAPD está regulada nos artigos 28 e 19 do regulamento de réxime interno da Escola de Doutoramento Internacional. Dado que un dos requisitos para ser membro dunha CAPD é ser profesor/a do Programa, desde a EDIUS recomendase a todos os Programas que, antes da renovación da CAPD, se poñan en contacto co SXOPRA para actualizar o profesorado e/ou a composición da CAPD que consta na memoria de verificación do Programa. Esta actualización só pode consistir en baixas de profesorado ou altas que non modifiquen de maneira substancial a composición das liñas de investigación do PD.

[Regulamento de Estudos de Doutoramento. Artigos 4 e 5]

[Regulamento de Réxime Interno da EDIUS. Artigos 18 e 19]

FAQ

**Se un membro da CAPD non cumpre algún dos requisitos marcados no RRI é necesaria a súa substitución?**

Si

**É obrigatoria a renovación da de todos os PD da CAPD?**

Non. A decisión de non renovación debe ser tomada por acordo da CAPD, logo da consulta a tódolos profesores do Programa. Neste caso entenderase como prorrogada a CAPD por un máximo de 4 anos.

**A renovación pode ser só parcial?**

Si

**Debe realizarse a renovación no caso dos programas interuniversitarios?**

Debe trasladarse este tema ás CAPD interuniversitarias para que tomen o acordo que consideren en base ao convenio que determina as súas directrices de funcionamento.

EDIUS NOVAS

# A actualidade da EDIUS, en Linkedin

A EDIUS abriu un perfil en Linkedin para achegar as actualidade da Escola. En pouco máis dun mes xa vai camiño dos 500 seguidores/as. Podes velo e sumarte facendo **clik aqui.**

# XIV premios Fronteiras do Coñecemento

A Fundación BBVA convoca os *Premios Fronteiras do Coñecemento* para potenciar a investigación e a creación cultural de excelencia en diversas áreas do coñecemento: Ciencias Básicas (Física, Química, Matemáticas); Bioloxía e Biomedicina; Tecnoloxías da Información e a Comunicación; Ecoloxía e Bioloxía da Conservación; Cambio climático; Economía, Finanzas e Xestión de Empresas; Humanidades e Ciencias Sociais; e Música e Ópera. A dotación destes premios é, en cada unha das súas categorías, de 400.000 euros, un diploma e un símbolo artístico. As candidaturas e a súa documentación poderán ser presentadas até as 23 horas GMT do 30 de xuño, exclusivamente en lingua inglesa, a través do formulario dispoñible no sitio web dos *Premios Fundación BBVA 'Fronteiras do Coñecemento'* na seguinte dirección web, coas outras condicións e requisitos que se indican.

Ir ao sumario

# Renovación de acreditación e seguimento dos PD

Os Programas de Doutoramento da USC xa dispoñen da documentación para levar adiante os procesos de renovación de acreditación e seguimento. Desde a Área de Calidade e Mellora de Procedementos comunícase a todos os Programas que no momento de elaborar os informes, este ano cómpre diferenciar dúas situacións:

- As Comisións Académicas dos programas que deben renovar a acreditación deberán entregar na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) o autoinforme de renovación da acreditación e as evidencias asociadas antes do o 19 de Abril do 2021.
- O resto dos programas só deberán realizar o seguimento anual. Desde a Vicerreitoría de Calidade (ACMP) e a Escola Internacional de Doutoramento (EDIUS) se está a elaborar un formato simplificado que facilite o labor. Os pormenores do procedimiento serán explicados aos coordinadores dos programas que van a renovar a súa acreditación e ao persoal de apoio correspondente nunha reunión da ACMP e a EDIUS prevista para o vindeiro 12 de marzo.

**O autoinforme de acreditación deberá remitirse á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos antes do día 19 de abril**

DIVULGACIÓN

# ‘Teseo’ e ‘Minerva’

## *Criptas da sabedoría e do pensamento universitario*

Para alén de ser dous nomes da antigüidade greco-romana, Teseo e Minerva son, para a comunidade universitaria, dous búnkers dixitais onde se almacena toda a sabedoría que emana dos estudantes en forma de teses de doutoramento e doutras publicacións e traballos.

Ir ao sumario

# Teseo,

## *todas as teses nun click*

Recolle e permite recuperar información de todos os traballos de doutoramento defendidos e considerados aptos nas universidades españolas desde o ano 1976.

↗ Ir a Teseo

Con nome de rei ateniense, **Teseo**, no argot académico, é unha base de datos, xestionada polo Ministerio de Educación, que recolle e permite recuperar información de todos os traballos de doutoramento defendidos e considerados aptos nas universidades españolas desde o ano 1976.

O sistema recolle a información das teses de doutoramento a través dunha ficha e de ficheiros asociados. Unha vez validada pola universidade e publicada, esta ficha quedará almacenada no sistema para poder ser consultada a través de Internet. Trátase dun extensísimo fondo documental que medra ano a ano coa incorporación dos novos traballos de investigación que xa recibiron a aprobación das institucións universitarias e que poden ser consultados, recuperados e recollidos por calquera persoa que estea interesada.

Antes da defensa pública, o doutorando, tanto se ten dado o seu consentimento para a difusión da tese ou non, deberá dar de alta a súa tese e introducir os datos requiridos pola aplicación **Teseo.**

Todas as universidades teñen a obriga de remitir ao Ministerio, a través da plataforma **Teseo**, a versión en formato electrónico de todas as teses defendidas e aprobadas. Para que este proceso se poida realizar con éxito, solicítanse unha serie de documentos que o doutorando debe entregar no momento do depósito da tese perante a Comisión Académica do Programa de Doutorado (CAPD):




Ir ao sumario

**1)** Un CD/DVD/Memoria USB cos **arquivos necesarios para o depósito da tese**.

**2)** No seu caso, en cumprimento do art. 14. 6 do RD 99/2011, o doutorando deberá **advertir ao persoal do Centro de Posgrao**, mediante escrito asinado, **se a súa tese está, en todo ou en parte, suxeita a algunhas restricións como patentes ou cláusulas de confidencialidade** con empresas, de cara á correspondente habilitación de procedementos técnicos para asegurar a non publicidade destes contidos.

Se non existise tal advertencia por parte do doutor, o Centro de Posgrao declina toda responsabilidade nas posibles consecuencias, unha vez aloxada a tese no repositorio institucional.

**3) Autorización de cesión de determinados dereitos de autor á USC**, de ser o caso, para a difusión da tese: Contrato Autorización (por triplicado) ou de Non autorización.

Esta documentación deberá ser entregada xunto co resto dos documentos segundo o procedemento establecido na Universidade de Santiago de Compostela.

No caso de que a difusión da tese fose autorizada, o doutorando deberá solicitar un dos orixinais do contrato, asinado polo director do Centro de Posgrao (CPG), no momento da solicitude de emisión do título de doutor na "Sección de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua, (Pavillón Estudantil, UXA Sur, Campus Vida)". Antes da defensa pública, o doutorando, tanto se ten dado o seu consentimento para a difusión da tese coma se non, deberá dar de alta a súa tese e introducir os datos requiridos pola aplicación Teseo.

En Teseo, o primeiro paso é rexistrarse como usuario no apartado de 'Registrarme como Doctorando' onde debe cubrir os datos persoais e indicar un contrasinal. Unha vez rexistrado, debe acceder a "Entrar como usuario registrado", "crear", "dar de alta la tesis". Debe cubrir os datos que lle aparecen e **chegue sempre á última pestana para que se garden todos os datos**. É importante que no apartado de "Departamento" indiquen o correspondente ao do persoal de apoio ao programa para que, de ser o caso, poidan ter acceso á súa ficha Teseo.

Débese ter en conta que, para introducir os datos de dirección e tribunal da tese, hai que introducir os NIF/Pasaporte de cada persoa, eses datos están dispoñibles na aplicación Xescampus da USC á que acceden os administrativos de apoio para completar a ficha. Existe un manual para usuario xestor e outro para usuario doutorando.

Ir ao sumario

## Tramitación

Antes da defensa pública, o doutorando (coa axuda do persoal administrativo de apoio ao programa de doutoramento) deberá dar de alta a súa tese e introducir os datos requiridos pola aplicación Teseo no enderezo web do Ministerio de Educación.

Con posterioridade ao acto de defensa pública, o persoal administrativo de apoio ao programa de doutoramento deberá:

- Incluír, comprobar ou modificar, segundo o que proceda, o tribunal definitivo asociado á tese.
- Puntuar a tese na aplicación mediante a inclusión da nota obtida pola tese.
- Notificar ao CPG (**cpg@usc.es**) que xa está cumprimentada a aplicación.

**DESPECE**

Teseo é un dos servizos de procura máis utilizados no mundo académico e cultural hispano. Ademais dos traballos de investigación, ofrece un servizo de alertas, mediante o que o subscritor recibe por correo electrónico información das materias que desexe. Teseo tamén permite o aloxamento de revistas en edición electrónica.

No ránking do Laboratorio de Cibermetría do CSIC, Teseo ocupa o primeiro posto entre os portais europeos en español.

Ir ao sumario

# Minerva,

## *o repositorio da produción científica e académica da USC*

Alberga, difunde e preserva as súas coleccións bibliográficas dixitalizadas e a produción investigadora e docente dos seus membros.

Na Universidade de Santiago de Compostela atopamos a **Minerva**, o repositorio institucional creado pola USC para **albergar, difundir e preservar as súas coleccións bibliográficas dixitalizadas e a produción investigadora e docente dos seus membros**. Nesta base de datos co nome da deusa romana da sabedoría e das artes, atopamos artigos, actas de congresos, xornadas, libros e capítulos, teses, outros traballos académicos, recursos educativos abertos, normativas institucionais, dixitalizacións de fondo antigo e datos de investigación.

De acordo co artigo 14.5 do RD 99/2011 do 28 de xaneiro, do Ministerio de Educación (BOE 10 de febreiro) polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, as universidades deberán ocuparse, unha vez aprobada a tese, do seu arquivo en formato electrónico aberto nos seus repositorios institucionais, polo que o Centro de Posgrao fará chegar o arquivo .pdf da tese xunto cunha copia do devandito contrato de autorización ao **Servizo de Publicacións e Intercambio Científico**, quen se ocupará da indización da tese, preparación final do .pdf, asignación de identificador URI (*handle*) e aloxamento final no **repositorio institucional da USC Minerva**.

Para cumprir coa obriga establecida no artigo 14.6 do RD99/2011 e no artigo 45 do regulamento vixente na Universidade de Santiago de Compostela, solicítase a entrega dos arquivos necesarios para o depósito da tese. A USC creou, con este fin, un documento onde o doutorando indica a súa decisión de dar ou non o seu consentimento para a difusión da tese en **Teseo** e **Minerva**.




↗ Ir a Minerva

↲ Ir ao sumario

CATÁLOGO IACOBUS

A elaboración dunha tese de doutoramento é un ímprobo e constante traballo de investigación no que o alumnado da EDIUS demanda recursos que faciliten esta tarea. A oferta da EDIUS inclúe alguns dos cursos que organizan desde o Grupo de Competencias en Información da Biblioteca da USC para responder a esta necesidade básica.

PreLo PRÉSTAMO DE LIBROS ONLINE

Ir ao sumario

ENTREVISTA

# «A Biblioteca ten varias liñas de traballo para apoiar a docencia e a investigación neste contexto de cambio»

"Calquera tese comeza pola busca da información bibliográfica que permita coñecer o estado da cuestión"

**No curso *Recursos e fontes para a investigación* esgotaronse as prazas en menos de media hora**
Este curso responde a unha necesidade básica do alumnado de doutoramento: buscar información científica sobre o tema obxecto da súa investigación. Polo tanto, as competencias que adquiren a través del teñen unha utilidade práctica inmediata. O alumnado ten unha autopercepción das súas carencias nestas destrezas que xa nos comunican no foro de presentación do curso. Neste foro falan das súas expectativas, que adoitan ter que ver coa necesidade dun maior coñecemento dos recursos de información da súa área, e das ferramentas para sacarlles proveito de cara á súa investigación.

**Consíguese ese obxectivo?**
Pedimos ao alumnado que responda a unha enquisa de satisfacción que, en edicións anteriores, serviunos para determinar o grao no que se alcanzan esas expectativas e que, até agora, foi moi alto. O alumnado manifesta sentirse mellor preparado para enfrontarse á súa investigación e agradece que a USC ofreza esta actividade.

**Que tipo de coñecementos ou habilidades van buscando?**
Básicamente, aprender a analizar as súas necesidades informativas, coñecer fontes e recursos de información do máximo nivel científico e adquirir habilidades e destrezas para buscar, analizar, seleccionar e organizar información científica, especialmente na contorna dixital. En edicións pasadas, o curso era de 8 semanas e 50 horas de duración, xa que se incluían os contidos do curso *Publicar os resultados da investigación*, que desde este ano é realizado por separado.  Nel trátanse os modos de comunicación baseados sempre na ética e na legalidade e no emprego da contorna dixital, para mellorar a visibilidade e o impacto da investigación científica : estrutura dun traballo científico, ética e propiedade intelectual, o proceso de avaliación da ciencia, visibilidade e acceso aberto.

**A documentación na elaboración dunha tese é fundamental**
Calquera investigación científica comeza por un traballo de busca da información bibliográfica que permita coñecer o estado da cues-

tión. O proceso de documentación é fundamental. Unha tese de doutoramento é un traballo de investigación do máximo nivel científico, caracterizada por unha busca e análise exhaustiva da información existente sobre un tema. Ser quen de seleccionar a información atopada e organizala adecuadamente son destrezas básicas para unha investigación deste nivel.

**Está a USC á altura das esixencias do alumnado investigador?**
